

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 40

ano 6

maio-xuño 2012

A documentación notarial (V) 150 ANOS DA LEI DO NOTARIADO DE 1862

A construción do **Estado liberal** durante o século XIX supuxo a supresión ou renovación xeral das institucións do **Antigo Réxime**, así como a codificación e sistematización do ordenamento xurídico. Neste proceso de modernización das institucións e de sistematización normativa hai que contextualizar a **Lei do notariado de 28 de maio de 1862** que agora cumpre 150 anos; unha norma marco, aínda vixente tras sucesivas actualizacións, que reformou profundamente aquela antiga institución tan necesitada de renovación.

Así, esta lei reduciu a variadísima tipoloxía de escribáns a unha soa clase de notarios, converteunos en **funcionarios** do Estado e estableceu a obligatoriedade de superar unha oposición para poder acceder a esta función pública. A pesar disto, a súa retribución non sería a cargo do Estado senón que correría por conta de cada notario a través dun sistema de **arancel**. Os notarios soamente conservaron a capacidade de dar fe pública de contratos e outros **actos xurídicos extra-xudiciais**; mentres que a fe pública xudicial se reservou á nova figura dos secretarios xudiciais.


A lei tamén estableceu unha organización xerárquica para os notarios, que pasaron a depender do Ministerio de Graza e Xustiza e dos **colexios notariais**. O ámbito destes fíxose corresponder cos das audiencias territoriais que, á súa vez, foi dividido en **distritos** que tomaron como base a demarcación xudicial, de xeito que cada distrito se correspondería cun partido xudicial. Esta nova organización, que terá implicacións na articulación do futuro sistema de arquivos notariais, xa se reflicte nos protocolos dende 1863, tal como se observa nos documentos que ilustran este número.

Ao respecto da **custodia** dos protocolos, a lei de 1862 reforzou significativamente esta función notarial na que xa viñera insistindo a normativa emitida dende a Idade Media. Neste punto, a declaración da **titularidade pública dos protocolos** que se fai no artigo 36 da lei supón un fito na historia do notariado:

Los protocolos pertenecen al Estado. Los Notarios los conservarán, con arreglo a las leyes, como archiveros de los mismos y bajo su responsabilidad.

Ate ese momento os protocolos eran patrimonio do escribán que os producira ou herdara, aínda que esti-

vese na obriga de transmitirlos a quen o sucedese na escribanía. Esta “nacionalización” dos protocolos xunto coa creación de arquivos notariais contribuíron a asegurar a súa preservación, de xeito que na actualidade esta herdanza constitúe unha das masas documentais máis voluminosas e mellor conservadas do noso patrimonio documental e tamén unha das máis consultadas nos **arquivos históricos provinciais**.



1863, maio, 8. Rubiá
Índice das escrituras autorizadas durante o mes de abril de 1863 por D. Ángel Ducás, notario residente en Rubiá, distrito de Valdeorras, colexio notarial do territorio da Coruña.
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 225 x 320 mm.
AHPOu. Protocolos notariais de Ángel Ducás, C. 519.

Os arquivos de protocolos dende 1862

Ademais de modernizar o notariado, a Lei de 1862 estableceu o marco no que se vai desenvolver a creación dos arquivos de protocolos. A declaración explícita da titularidade pública destes axudou a que se rematase con prácticas derivadas da **concepción patrimonial** coa que os notarios custodiaran os protocolos durante séculos; prácticas non sempre acordes coa súa correcta conservación e mesmo favorecedoras da súa destrución, como naqueles casos nos que os herdeiros dun escribán non entregaban os protocolos a quen o sucedía no oficio. Neste sentido, a lei de 1862 reiteraba aos particulares que tivesen no seu poder este tipo de fondos a obriga de depositalos nos arquivos das notarías.

Asemade, a lei reforzaba a **custodia** dos protocolos prohibindo que, baixo ningún concepto, saísen da notaría, salvo para ser trasladados ao arquivo que lle correspondese. Tamén facía explícito o carácter de arquivo do notario e prefiguraba o **sistema de arquivos notariais** ao establecer a creación de arquivos xerais de escrituras en cada audiencia territorial, arquivos nos que se habían de custodiar os protocolos con máis de vinte e cinco anos.

Estas cuestións foron desenvolvidas en normativa posterior, en particular nos sucesivos **regulamentos notariais**. Así, en 1869 abandonouse a idea de concentrar os protocolos antigos nas audiencias territoriais e optouse pola creación dun **arquivo xeral de protocolos** nas poboacións que fosen cabeza de distrito notarial, ao cargo do cal estaría un **notario arquivador**. Neles comezaronse a concentrar os protocolos antigos, dispersos por notarías e por outras institucións públicas, así como aqueles que se atopaban en mans de persoas e institucións privadas. Na actualidade, estes arquivos de distrito seguen a recoller os **protocolos con máis de vinte e cinco anos**, o que permite evitar o colapso documental das notarías máis activas sen mingua do **segredo do protocolo**.


O sistema de arquivos notariais

Nin a Lei de 1862 nin a regulación posterior sobre a materia tiveran en consideración o **valor histórico** da documentación notarial. Esa preocupación non se plasmará legalmente ata 1914, data na que unha real orde ministerial abre aos historiadores o acceso aos **protocolos con máis de cen anos**. A sensibilidade cara ese valor histórico e o desexo de poñer esta documentación a disposición dos investigadores levou a que o **Decreto de 12 de novembro de 1931** declarase aos protocolos centenarios “fondo inicial y preferente” dos novos arquivos históricos provinciais, e a que crease arquivos históricos de protocolos nas sedes dos colexios notariais.

Os colexios percibiron esa norma como unha introdución nas súas competencias, polo que foi preciso publicar anos despois un novo decreto (**Decreto de Presidencia de 2 de marzo de 1945**) no que se acadaba unha regulación de consenso que establecía o marco a partir do cal se debería desenvolver o sistema de arquivos notariais. En aras do acordo, ese marco

resultou ser tan flexible que ese sistema presenta certa inconcreción na actualidade, panorama agravado pola dispersión de protocolos en arquivos de distintas administracións públicas e de institucións privadas.

Segundo o vixente Decreto de 1945, nas capitais provinciais que son sede dun **colexio** notarial, este pode contar cun **arquivo histórico de protocolos** que custodie aqueles que, procedentes do distrito notarial da capital, teñan máis de vinte e cinco anos. Tamén poderá recibir os protocolos centenarios procedentes doutros distritos. Estes arquivos deben contar con instrumentos de descrición dos seus fondos e ofrecer servizo de consulta da documentación centenaria aos investigadores. O **Colexio Notarial de Galicia** (denominado Colexio Notarial da Coruña ata o ano 2002) conta cun arquivo destas características na súa sede da cidade herculina.



Nos protocolos do ano 1863 aparece reflectida por primeira vez a nova organización territorial do notariado. AHPou, *Protocolos notariais de Leandro de Fernández Míguez*, notario en Allariz, C. 131.

Nas restantes capitais, os **arquivos históricos provinciais** (AHPs) poden custodiar os protocolos notariais con máis de cen anos procedentes dos distritos comprendidos no ámbito provincial. No caso de Galicia, os AHPs de **Lugo, Ourense e Pontevedra** reciben anualmente os protocolos centenarios dos distritos das súas correspondentes provincias.

En suma, pode dicirse que os arquivos das notarías, os arquivos de distrito, os arquivos históricos de protocolos e os arquivos históricos provinciais conforman o sistema de arquivos notariais a través do cal os protocolos completan o seu **ciclo vital**. Neles concéntrase a maior parte da documentación notarial, se ben, por distintas circunstancias, **outros arquivos** tamén custodian un volume máis ou menos amplo desa documentación. É o caso de centros públicos, entre os que caben citarse o Arquivo do Reino de Galicia, o Arquivo Histórico Universitario de Santiago ou os municipais da Coruña e Betanzos; tamén entre os arquivos privados son salientables os diocesanos de Ourense e Tui e os catedralicios de Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui.



XUNTA
DE GALICIA

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

galicia